

Mini-Mero-Mato

23 de novembro de 2017



TRÍADE complementaria de novos trinos, de himnos escondidos entre a Terra que aquecedes a palabra e chamades á unidade nunha simbiose que enche e ilumina, nunha luz que esperta os alcores da nosa Galicia perfumada de ventos fuxidoiros e limpa como a auga das quenllas por entre as ruxidoiras que nos levan ata o muíño onde cae o gran na moa dos vosos cantos.

TRINIDADE en defensa dunha esencia nosa, pregoeira e profeta da verdade que aos galegos cingue.

TRIUNVIRATO convertido en guerrilleiros da nosa memoria, da nosa alma e da nosa historia que nos pesa, aínda que pese a algúns.

TRÍANGULO equilátero que entre os cabos e aparellos conformados a enxarcia do barco que navega pola mar da sabedoría e da cultura á procura dos ignorantes para convertilos e facelos apóstolos da nosa relixión e da nosa causa, deixando sempre un ronsel que serve de guía nas galernas e marexadas.

TRIFORIO que deixa pasar a luz polos ocos da fiestra das igrexas románicas e góticas, onde ao seu pé ou arrimados á súa torre os cegos e xograres, acompañados dos sons monocordes e antigos da zanfona, deixaban escoitar romances dos nosos aconteceres, perdidos pola desidia dos que nos gobernaron ou desgobernaron.

TRIDENTE de tres nomes, tridente bisílabo de consonantes nasais e brandas que aloumiñan as vosas cántigas, mais tamén vibrantes e bilabiais que espallan a liberdade na abertura das chairas, nas montañas e nos vales telúricos da nosa matria e da nosa patria.

TRÍPODE que conformados a simboloxía dos galegos, o pote de ferro de tres pés que penduraba da gramalleira e contía a comida necesaria de redondas, brancas e negras; corcheas, fusas e semifusas que se xuntan entre os silencios conformando melódicos pentagramas da dignidade, da igualdade e da liberdade dunha lingua que se coce na evolución dun latín que nada ten que envidiar ás outras linguas. Grazas por cantalo, por sentilo e por facérnolo ver aos habitantes dunha TERRA antropófaga.

Moitas grazas, TRÍPTICO, e que dos tres paneis pintados coa vosa efíxie veñan primaveras, e tríades, e trinidades... triarcas, triángulos, tridentes, triforios e trípodas coa vosa forza e alcornia para que entre os TRILOS e os TERCETOS dos vosos cantos, deixen memoria e sigan facendo a verdadeira historia da nosa historia no Paseo dos Soños.

(Artigo escrito despois de ler o libro *Mini e Mero: labrando para sementar* de Xulio Xiz).